

Bos días e saúdos

Xustificación da unidade:

Bos días a todos e todas. Espero que esteades ben tanto vós coma a vosa familia.

Queridos nenos e nenas, nesta penúltima semana vamos a ver de forma resumida todo o que aprendemos ó longo do curso.

Coma sempre, recordade que estas actividades son propostas voluntarias, que a actividade principal e estar en familia e desfrutar da compañía de vosos papás, mamás, irmáns, avós e avoas.

Obxectivos:

- Descubrir o importante que é o amor e a lelicia que produce en nós e nos demais.
- Entender que Xesús só quere a nosa felicidade.
- Coñecer a súa mensaxe: "amarse uns ós outros".

Desenvolvemento da unidade:

-Introdución:

Ó longo deste curso estivemos a traballar e coñecer a mensaxe de Xesús.

Esta centrase só nunha cousa, no amor, e resúmese nunha frase , "amarse uns os outros". Un amor que só busca a felicidade das persoas.

Vimos como ese amor implica valores coma o respecto, igualdade, fraternidade, amizade, compartir , o perdón, a familia, axudar, querer,...

A actividade desta semana busca que percibades ese amor dende dúas perspectivas, en relación a vós e ós demais, observando como fai que as persoas sexan felices. Como o mundo cambia para mellor cando o amor esta presente.

-Actividade:

A actividade é moi sinxela. Consiste na lectura dun pequeno conto de Griselda Sandoval e o visionamento dun curto animado.

A finalidade é que pensedes e descubrades como o amor fai que as persoas sexan máis felices.

1- Conto.

“A caixa do amor”

Daniela era unha nena moi boa. Todos a querían. Tanto na casa coma no colexio, onde tódolos amigos querían estar con ela. Sempre estaba sorrindo.

Os seus papás estaban moi contentos ca súa filla durante o día...pero cando chegaba a noite, Daniela tiña moitos soños e choraba sen parar ata que súa nai ou seu pai ían xunto dela e durmían ó seu lado.

Os seus papás estaban moi tristes, non sabían que facer para que Daniela durmisse.

Un día, andando pola rúa, seu pai encontrou unha tenda chea de cores. Mirou pola xanela e dentro había arcos da bela de cores, bonecos, caramelos xigantes...

Entrou dentro e no que máis se fixou, foi nunha caixa vermella que había nunha mesa. Achegouse a ela e abriuna pero dentro non había nada.

Unha señora moi, moi, moi anciá, con cara de avoa de conto, explicoulle:

-Está baleira porque é nova. Fai falta que alguén a encha.

-Encher de que?- preguntou o pai.

-De amor- dixo a señora.

-De amor? E para que serve encher unha caixa de amor?- preguntou o pai.

A avoa colocou as gafas e mirándolle ós ollos esbozou un sorriso e díxolle:

-O amor é o regalo máis importante que se pode facer a calquera persoa. O amor fai compañía cando un se sinte só. Fai que a xente sorría cando está triste. Produce felicidade tanto en quen o dá coma en quen o recibe. É como unha manta quente nos días fríos.

O pai sorprendido, decidiu comprala caixa. Gardouna dentro dun papel de regalo e marchou para a casa todo ledo.

Cando chegou a casa, deulla a súa filla e díxolle:

-Mira Daniela, teño un agasallo para ti. Unha caixa máxica. Mamá e eu vámolos encher de amor.

Abriu un pouco a caixa e lanzou dentro dela un montón de bicos e abrazos.

-Así, papá e mamá van a estar sempre contigo, na túa habitación e en tódolos espazos.

Polas noites, cando te despertes, abres un pouco a caixa e a toda a habitación se vai encher do amor de papá e mamá e os malos soños xa non poderán entrar na túa habitación, porque estes non saben o que é amor e téñenlle medo.

Esa noite Daniela marchou para a cama. Coma todas as noites tivo soños e pesadelos e comezou a chorar. Entón Daniela lembrou o que seu pai lle contara da caixa. Colleuna e abriuna. Toda a habitación se encheu do amor dos seus papás e os malos soños desapareceron.



Daniela durmiu feliz.

Dende entón, na mesa de cabeceira de Daniela hai unha caixa vermella que papá e mamá enchen de bicos, abrazos e caricias tódolos días para que ó chegar a noite, Daniela non se sinta soa.

2-Curto animado.

<https://youtu.be/a0ZQ9zIqbo8>

Boa semana!